

Somos capaces

M^o Jesús Bouzas Toriño.

A vida é a lei de ouro para cada un:

Dende nena escoitei que non hai cousas pequenas, as cousas pequenas son as grandes cousas. Todos nacemos cunha sinerxia que comeza na propia concepción e témola ata o momento da morte; Envolta na propia natureza de cada un.

Escoitamos tamén tanto a pais como a fillos a loita por ser independentes, uns e outros teñen a ben esa case única meta, esquecendo que o mellor sería que todos loitásemos por ser interdependentes.

Que é a interdependencia? Para moitos é unha palabra longa e complexa. Como definición, é a dinámica de ser dependentes, recíprocos e responsables. Como exemplo teríamos a interdependencia económica, social, política, ecolóxica etc.

Desta realidade que determina a nosa vida, nin de mozos, nin de vellos ninguén nos fala, aínda pasando pola Universidade. Descóbrese só co interese de cada quen no camiño da vida. Ao descubrir o concepto desta palabra hai que asumir que somos dependentes e que a interdependencia

vai pretiña da responsabilidade e do compromiso, e que a meta está lonxe. E precísase toda a vida para alcanzala. E ás veces, ata non chega (fariamos ben en imitar aos deportistas facendo relevos como nas carreiras e ata cambiar de campo se se precisa antes de que acabe o noso paso por aquí).

Acadar unha dimensión equilibrada, positiva, ante os avatares facendo unha espiral ascendente no noso desenvolvemento persoal, é posible pero é preciso querer, aprender, coñecer e comprometerse e, por último ser capaz de actuar, e sempre en renovación e así agrandando esta espiral con crecemento de dentro cara fóra, como se cada persoa fose a ter ás para voar en liberdade e por riba dos guións negativos da familia e da sociedade, facendo unha transición xeracional, esquecendo todo o aprendido de forma negativa e parándoo en cada un de nós, para dar paso ás novas xeracións máis sas e cun futuro mellor.

Son persoas de transición, chamadas tamén heroes ou talentos, algún deles no século XX: Nelson Mandela (Madiba), defensor do

socialismo científico; ou Anwar el Sa-dat que nos deixou como parte do seu legado unha profunda comprensión da natureza do cambio que baseándose na propia experiencia na súa cela pensou e traballou sobre as súas raíces, xuntou forza interior que iría desenvolvendo nos momentos máis difíciles encontrando e aumentando a súa sinerxia de dentro cara fóra e así deixándonos un exemplo de persoa de transición comprometida.

En definitiva, ser persoa de transición non é máis que a capacidade que temos os homes e mulleres de comprometernos con nós e coa sociedade, de sermos capaces de parar en nós o negativo abrindo paso ao avance positivo para as novas xeracións. Na loita estamos de crear na nosa contorna moitas persoas interdependentes e de transición asumindo en principio que somos e seremos sempre dependentes pero tamén temos a forza necesaria para comprender e esquecer, xa que é unha condición innata. Só falta traballar sobre estes principios e aproveitar cada momento abrindo o noso corazón á comprensión e a escoitar e a escoitarnos.